

Vigo, 6 de marzo do 2023

Vítor Manuel Mariño Fernández

Secretario da Sección Sindical da CUT Citroën
695151270 citroen@cutgaliza.org

CUT CITROEN denuncia a discriminacion no trato nos dias de parada

Unha vez máis seguímonos atopando neste ERTE agravios comparativos importantes, namentres a maioría das persoas traballadoras do sistema 1 permanecen sen actividade, un grupo de monitores (Team leader) e outros mandos deste sistema acoden a prestar servizos ao sistema 2. Existindo pois, un claro prexuízo para con unhas persoas traballadoras, e non se trata dun caso puntual, senón da práctica habitual nas últimas xornadas sen actividade, sendo uns favorecidos en decremento da maioría.

Por outra banda no ERE extintivo asinado por SIT, UXT e CCOO asumían un excedente organizativo de TEAM LEADER e mandos intermedios, sen que se entenda este “reforzo” de mandos nos días de parada.

Os criterios de selección e designación foron obxecto de debate coa RLT, i en ningún momento se definiron criterios de afectación ou funcións específicas que dependendo do posto de traballo ao que estiveran adscritos se determinase que tivesen presenza no sistema contrario en caso de paradas produtivas. Para a CUT isto é totalmente discriminatorio e inadmisíbel, sumado a os preavisos “á carta” sen que os mecanismos de preavisos esten regulados e siga acontecendo este abuso sistemático por parte da empresa, sen saber si traballamos ou non o día seguinte.

Ademais dende mais dunha década coa conxencia dos sindicatos cómplices levábase practicado ano tras ano expedientes de regulación de emprego que, en moitas ocasións son usados con carácter preventivo, ERTE,s que, coma reiteramos a pesares de ter nas dúas liñas de produción con 4 quendas de traballo, sempre foi unha figura que a empresa empregou como un mecanismo máis de flexibilidade e de redemento económico.

Namentres uns acumulamos débeda de horas e consumimos o noso desemprego, outros tiveron unha afectación mínima nos derradeiros anos. Nunha empresa que acaba de publicar uns beneficios millonarios de 16.779 millóns de euros, un 26% máis que fai un ano, demostra a pouca responsabilidade social, facendo recaer nas administracións e nas persoas traballadoras o custe dos días de inactividade.